

“XOGANDO A MEDRAR”

Actividade dirixida ás familias con menores de 9 a 36 meses de idade (non escolarizados) a través da cal se ofrece formación e información sobre o desenvolvemento das súas fillas e dos seus fillos.

Os máis pequenos poderán socializarse e participarán en situacións de aprendizaxe a través de actividades para favorecer o autoconhecimento, a exploración do entorno, a adquisición de autonomía, a relación e a convivencia cos demais, as habilidades comunicativas, os xestos, movementos e ritmos como formas de expresión.

Será, ademais, un espazo para o intercambio de experiencias e reflexións entre as familias participantes, contando co apoio e asesoramento do profesional que dirixe a actividade.

Desenvolveranse actividades dirixidas a dous grupos de idade:



IMPORTANTE: cada menor participante na actividade estará acompañado por un dos proxenitores ou persoa que estes designen.

As solicitudes para participar entregaranse en modelo normalizado no Departamento de Educación na Avda. dos Bosques nº 16 – baixo (tlfno:981647294).

No caso de que o número de solicitudes supere ao número de prazas ofertadas para cada grupo, estas asignaranse mediante sorteo público.

O número máximo de participantes será de 40 menores, distribuídos en 2 grupos de 20 participantes cada un, organizados do seguinte xeito:

ACTIVIDADE	PRAZAS	DÍA	HORA
EDU-BABY	20	LUNS	17:00 a 18:30 horas
EDU-PEQUE	20	MARTES	17:00 a 18:30 horas

Será necesario un número mínimo de participantes para que a actividade se leve a cabo. O Concello resérvase a potestade de reorganizar os grupos e variar os horarios. Dependendo da demanda, no grupo de EDU – BABY poderanse distribuír os participantes, segundo as características dos menores e nos seguintes horarios: Grupo I: De 17:00 a 17:45 - Grupo II: De 17.45 a 18:30.

As datas establecidas para solicitar a participación na actividade son as seguintes:

- Preinscrición: do 18 ao 28 de setembro de 2017
- Sorteo público de prazas (se é o caso): 29 de setembro de 2017 ás 10:30 horas no Departamento de Educación
- Listaxe definitiva de admitidos: publicarase o 29 de setembro na páxina web e no taboleiro do Concello
- Formalización da inscrición / pago da actividade: do 29 de setembro ao 2 de outubro.
O pago do prezo da actividade (25 €) realizarase unha vez confirmada a praza polo Concello a través do departamento de Educación.
- Inicio da actividade: 2 de outubro
- Data de remate da actividade: 29 de maio do 2018

